

O VAL ESCONDIDO

Por fin despois de moitos anos podo volver ao meu fogar. Sintome canso, o meu maior desexo é que todo esté como o deixei cando tiven que partir.

O meu val é pequeno, protexido do mundo por unhas grandes montañas, percorreo un río estreito e ruidoso, esta cheo de peixes e ras. Nas noites de verán o río transformase na mellor sala de concertos do mundo, a cor verde o enche todo os prados vistense de flores cunha gran variedade de cores e un cheiro doce que o inunda todo. O sol fai brilar o pobo, e o transforma no lugar mais fermoso que nunca vira.

O outono no meu val é vermello e amarelo as cousas tornanse máis tranquilas e acolledoras, a vida é doce.

Nunca pensei que a vida apacible que vivía na miña aldea podería cambiar tanto coa soa chegada dunha sinxela carta.

Todo ocorreu unha mañá de abril, ao pobo chegaron unha ducia de homes que vestían da mesma maneira, viaxaban por toda a comarca, entregando unha carta a todos os mozos que xa cumpriran quince anos.

Cando entregaronme a miña, fixeime no sobre estaba cheo de selos, comencei a leela, nese momento non comprendía o gran cambio que iba a levar a miña vida.

Debía viaxar á cidade con eles, porque según decía a carta o país estaba en guerra, eu non coñecía o verdadeiro significado desa palabra, sentín como un dedo xeadó percorría a miña espalda.

Despois de varios días de viaxe chegamos a un edificio grande ao que todos chamaban cuartel, estaba repleto de mozos como eu que non entendían moi ben o que ía pasar. O primeiro que fixeronnos foi cortarnos o pelo a todos igual, os traxes que nos deron non tiñan diferenzas un dos outros. Despois diso xuntaronnos nun patio enorme e faciannos correr, andar, xirar, berrar, etc. Era como se quixeran facernos desaparecer como persoas, e que todo o que fixeramos fose obedecer o que eles dician.

Estivemos alí unhas cantas semanas ata que todo o que nos dician o faciamos coma maquinas; pero o peor de todo aínda estaba por chegar.

A principios do verán nos subiron a un tren moi longo, dixeronnos que íamos ao campo de batalla.

Ao chegar alí sentín como unha bofetada na cara, o cheiro era noxento, a xente berraba, as esplosions inundaban todo, xamais pensei que os homes puideran portarse dunha maneira tan animal, so porque os que mandaban nos países estiveran en desacordo e non souperan arreglar os problemas dunha maneira máis civilizada.

Na miña aldea nunca había peleas entre a xente, pois cando había algun desacordo solucionabase falando na praza do concello. No meu pobo existía a paz e a armonía, non coma eiquí, todo era berros, presa, e malhumor. Polas noites, oíase aos mozos chorar chamando a súas nais, era como se elas poideran darlle a seguridade que habian perdido cando chegaron a este lugar. Eu non sabía canto iba durar todo isto, o meu maior desexo era que todo rematase o máis pronto posible, e poidese voltar ao meu fogar.

A gran guerra durou tres anos, moitos mozos que había coñecido morreran,

outros sufriran terribles feridas, algúns no corpo pero a maioría de nós, llas tiñamos na mente e no corazón.

Os que nos mandaron a loitar, un bo día decidiron que xa todo debía rematar. Para que nos mandaron facer todo isto? De que valeu todo o sufrimento da xente? Porque non se arreglan as cousas doutro xeito??

Agora xa estou preto do meu val, chego sen forzas, xa noto o aroma dos prados, e pouco a pouco vou sentindo aquelas cousas que creía non voltar a sentir.

Os tellados do pobo resplandecen baixo o sol do mediodía, todo segue igual que aquela lonxana maña de abril, na que tiven que partir.

Agora sei que encontrarei a paz que antes tiña e me quixeron roubar, porque por fin me sento seguro no meu val escondido entre as montañas.



